

10. GASTOS DOS ANUNCIOS

A conta do adxudicatario.

11. PÁXINA WEB PARA OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN

www.concellodecovelo.es

Covelo, 7 de marzo 2008.—O Alcalde en funcións, Juan Pablo Castillo Amigo. **2008002750**

* * *

COTOBADE

Na sesión plenaria celebrada o día 15/11/2007 acordouse a aprobación provisional da Ordenanza Fiscal da Taxa para a protección dos camiños rurais e vías públicas do municipio de Cotobade polo seu aproveitamento especial.

O edicto de aprobación provisional foi exposto o público e publicado no B.O.P nº223, do 19/11/07, conforme o esixe o artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

No período de exposición ó público foron presentadas alegacións polo Partido Popular contra a aprobación provisional da Ordenanza Fiscal da Taxa para a protección dos camiños rurais e vías públicas do municipio de Cotobade polo seu aproveitamento especial.

Na sesión plenaria celebrada o día 28/02/2008, aceptáronse parcialmente as alegacións presentadas, quedando aprobadas definitivamente.

Procede agora publicar o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 17.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, para a súa entrada en vigor ao día seguinte desta publicación.

CONCELLO DE COTOBADE
PROVINCIA DE PONTEVEDRA
COMUNIDADE AUTONÓMA GALICIA

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA
PARA A PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS RURAIS
E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO
DE COTOBADE POLO SEU APROVEITAMENTO
ESPECIAL**

Artigo 1º.—FUNDAMENTO E NATURALEZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ao 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo,

este Concello establece la Taxa para a protección, polo aproveitamento especial, dos camiños rurais e vías públicas de acceso a ditos camiños do municipio de Cotobade, e aproba-la Ordenanza fiscal pola que se ha de rexer.

Artigo 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa o aproveitamento especial dos camiños rurais como consecuencia do tránsito ou ocupación dos mesmos por vehículos eiruga, vehículos cadeados, camións-guindastre, camións de arrastre sobre firme ou de bandas de rodadura, e en xeral por vehículos industriais cuxo peso exceda de 15 toneladas métricas e/ou camións con máis de tres eixes.

A efectos de la presente Ordenanza enténdese por camiño rural todo camiño de titularidade municipal aberto ao tránsito público para fines agrícolas.

No constitúe feito imponible o uso de calquera clase de vehículos a motor por camiños, sendas ou calzadas utilizadas para a defensa ou conservación do medio ambiente, o ocio ou o goce da natureza, pois tal uso esta, en xeral, prohibido, polo que non será obxecto de pago de taxa algunha e se de apertura do correspondente expediente sancionador por infracción grave. No obstante, e segundo as circunstancias tendentes á satisfacción dun interese público, e sempre previa autorización expresa a outorgar por este Concello, poderá permitirse a circulación de vehículos de ata 12 toneladas para a realización de traballos de conservación, mantemento ou reparación de tales camiños, sendas ou calzadas.

Artigo 3º.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente os camiños rurais na forma definida nesta Ordenanza.

Artigo 4º.—RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41.1 e 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º.—BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

A base imponible e liquidable está constituída polo peso do vehículo (expresada en toneladas métricas (Tm.)) e a distancia recorrida polo mesmo dentro dos camiños rurais (expresada en quilómetros (Km.)).

Artigo 6º.—COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa ven determinada polo seguinte polinomio:

Cota tributaria = tarifa segundo aproveitamento x peso x distancia percorrida.

DEFINICIÓN DAS CLASES DE APROVEITAMENTO E CADRO DE TARIFAS

- O Aproveitamento de LARGA DURACIÓN comprende unha duración superior a seis meses naturais.
- O Aproveitamento HABITUAL comprende unha duración de trinta e un días naturais a seis meses naturais.
- O Aproveitamento CONTINUADO comprende unha duración de dez días naturais a trinta días naturais.
- O Aproveitamento ESPORÁDICO comprende unha duración máxima de nove días naturais.

CLASE DE APROVEITAMENTO TARIFA
(euros/Tm.Km)

LARGA DURACIÓN	0,025
HABITUAL	0,033
CONTINUADO	0,050
ESPORÁDICO	0,070

Establecese unha cota tributaria mínima de 150,00 euros por licenza de vehículo autorizado para as dúas primeiras clases de aproveitamento especificadas, sendo tal cota tributaria mínima para o aproveitamento continuado de 75,00 euros, e de 50 euros para o aproveitamento esporádico.

Artigo 7º.—DEVENGO

O devengo da taxa se producirá cando se inicie o aproveitamento especial, sen prexuízo do deber de ingresar con carácter previo ao seu importe total, unha vez solicitada a correspondente licenza e, en virtude da mesma, liquidada polo Concello a contía da taxa.

Artigo 8º.—REXIME DE DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

Os suxeitos pasivos deben solicitar do Concello, con anterioridade ao inicio da actividade, a Licencia para poder realizar o aproveitamento especial obxecto da mesma, na que se especificará o tipo de vehículo, descrición da actividade e tempo de ocupación.

A Licenza solicitarase mediante instancia na forma e cos documentos relacionados na Disposición Adicional Terceira da presente Ordenanza.

Presentada a instancia, e de conformidade cos trámites e prazos establecidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, se autorizará ou non a actividade correspondente e, no seu caso, practicarase, polo Concello, a liquidación da Taxa así como da Fianza a constituír como garantía.

A concesión da licenza quedará condicionada ao pago da Taxa e á constitución da Fianza.

Os importes da Taxa e da Fianza ingresaranse en calquera das contas bancarias deste Concello. A fianza poderá, así mesmo, constituírse mediante aval bancario a favor da Corporación local e manterase ata que o Concello autorice a devolución, trala finalización das actividades e a comprobación do estado da vía ou camiño para a determinación do deterioro ou existencia de danos.

Artigo 9º.—DA FIANZA

A Fianza responderá dos danos, directos ou indirectos, que puidese ocasionar o exercicio da actividade solicitada e autorizada, e do mantemento e limpeza do itinerario principal polo que se transporte o material.

O importe da fianza supón o 25% do importe da taxa.

A devolución da fianza, constituída en metálico ou mediante aval bancario, realizarase previa solicitude, a través dunha instancia dirixida ao Concello, indicando a conclusión dos traballos e, no seu caso, a certificación da reparación completa do dano que se requirise emendar.

Se transcorrido un mes desde a notificación do requirimento de reparación no se efectuase a mesma, o Concello procederá a execución subsidiaria, a custo e en substitución do particular, deducindo da fianza a cantidade necesaria.

No suposto de que a fianza non chegase a cubrir os gastos de reparación, o Concello esixirá a responsabilidade correspondente, adoptando as medidas legais necesarias contra o titular da licenza.

Artigo 10º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase o disposto no Título IV de la Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria.

Non obstante o anterior, son de aplicación, en todo caso, ademais das normas tributarias, as normas xerais e específicas desta actividade, en canto a súa regulación e sancións, así como as normas

previstas nas Disposicións Adicionais Primeira e Segunda desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. SOBRE A CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS

1. A conservación dos camiños rurais do municipio de Cotobade será por conta do Concello do mesmo nome, empregando os recursos humanos e materiais necesarios.

2. En razón as características de configuración e natureza de camiños rurais, o seu uso será esencialmente agrícola, sen prexuízo da autorización de paso, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Para uso exclusivo de camiños rurais por vehículos agrícolas ou automóbiles, dos titulares dos predios para dar servizo agrícola o seu terreo, sempre que no haxa outro paso viable para acceder a el.
- b) Establecese un límite de velocidade de paso máximo de 30 Km/h e de peso máximo de 15 Tm.
- c) Prohíbese, en xeral, o uso e circulación de vehículos cuxo uso sexa diferente ao agrícola, tanto para competicións deportivas como lúdicas, como transporte de mercancías ou de viaxeiros en xeral; podéndose autorizar, non obstante, e de forma excepcional e si mediaran intereses públicos, a circulación de vehículos destinados ao mantemento, conservación ou reparación das vías e camiños, calzadas ou sendeiros, sempre que tales vehículos non excedan dun peso de 15 Tm.
- d) Prohíbese a ocupación da vía pública sen autorización expresa.
- e) Poderá autorizarse expresamente (mediante licenza, outorgada con carácter previo ao inicio da actividade correspondente) o tránsito ou ocupación dos camiños rurais por vehículos eiruga, vehículos cadeados, camións - grúa, camións de arrastre sobre firme ou de bandas de rodadura, e en xeral por vehículos industriais cuxo peso exceda de 15 Tm. e camións con máis de tres eixes.

3. O A concello inspeccionará regularmente o estado dos camiños da súa titularidade. No caso de que exista deterioro do camiño como consecuencia da súa ocupación ou uso, notificarao de forma fidedigna ao causante do mesmo co fin de que proceda a súa reparación, repoñendo ao seu estado orixinal. Transcorrido un mes desde a notificación sen proceder a reparación, o Concello executará subsidiariamente o necesario, a costa do causante.

O Concello adoptará as medidas oportunas para que os camiños no sexan utilizados para fins distintos dos autorizados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. RÉXIME SANCIONADOR POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS

A infracción do disposto na Disposición Adicional Primeira sancionárase:

- Con multa de 1.200,00 euros a quen, tendo permiso para circular pola zona de prohibición, no presente dito permiso no acto de requirimento do axente ou autoridade que o solicite.
- Con multa de 1.500,00 euros a quen circule pola zona de prohibición sen estar autorizado expresamente, incrementándose a multa nun 5% por cada tonelada de PMA do vehículo autorizado.

As presentes sancións son acumulables.

O titular do vehículo, debidamente requirido para iso, ten o deber de identificar ao responsable da infracción e, se incumprise esta obrigaición no trámite procedimental oportuno sen causa xustificada, será sancionado pecuniariamente como autor da falta.

Nos mesmos termos responderá o titular do vehículo infractor cando non sexa posible notificar a infracción ao condutor que aquel identifique, por causa imputable a dito titular.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. DA LICENZA PARA A OCUPACIÓN DE CAMIÑOS RURAIS

Na instancia de solicitude de licenza farase constar:

A) Dimensións totais do vehículo traballando, é dicir con estabilizadores estendidos ou plataformas estendidas, largo, ancho, alto e peso máximo autorizado do mesmo.

B) Tempo previsto do tránsito e ocupación da vía.

C) Día e hora ou datas en que se pretende realizar o servizo

D) Peso do vehículo, con carga máxima autorizada e en baleiro.

E) Itinerario principal a recorrer e alternativas, se procede, ao obxecto da utilización.

Coa instancia será necesario acompañar os seguintes documentos:

- 1.—Seguro de R.S. do vehículo
- 2.—Tarxeta do transporte en vigor
- 3.—Documento acreditativo de ter efectuado as revisións técnicas legalmente exixibles.

Ademais dos documentos numerados nos parágrafos precedentes, poderá requirirse calquera outro que se xulgue necesario polos Servizos Técnicos deste Consistorio en atención as circunstancias especiais de cada caso.

Obtida no seu caso a autorización, será obrigación do autorizado:

A) A sinalización adecuada do vehículo e do seu tránsito ou ocupación da vía, así como dos desvíos de tráfico rodado e peonil a que houbera lugar.

B) A adopción de cantas medidas fosen necesarias para salvagardar a integridade física dos demais vehículos e viandantes, así como a reposición da vía ao estado orixinal que tivese, sendo da exclusiva responsabilidade do autorizado tódolos danos e prexuízos que a súa actuación xere.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza apróbase polo Concello en Pleno o día 15 de novembro de 2007 e entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Cotobade a 29 de febreiro de 2008.—O alcalde, Manoel Loureiro Adán. **2008002569**

* * *

A GUARDA

A N U N C I O

Exposición pública e cobranza en voluntaria do padrón fiscal do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ó exercicio tributario 2008.

A Presidencia desta Corporación, mediante Resolución nº204/2008 aprobou o padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ó exercicio tributario 2008 do Concello da Guarda. A dita Resolución é definitiva en vía administrativa.

O padrón fiscal se exporá ó público nas oficinas municipais no prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, anuncio que ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinalo e formular contra os actos que se notifican ante a Presidencia deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón.

De conformidade co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, comunícase ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza da taxa polo suministro de auga correspondente ó 4º trimestre do exercicio tributario 2007 do Concello da Guarda será do día 20

de febreiro de 2008 ó 21 de abril de 2008, ámbalas dúas datas inclusive.

A taxa deberá satisfacerse a través das seguintes entidades bancarias:

BANCO DE GALICIA	BBVA	BANESTO
CAIXA GALICIA	LA CAIXA	BANCO PASTOR
BANCO SANTANDER	CAIXANOVA	

O vencemento do prazo en período voluntario sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento de constrinximento, coa percepción do recargo da mora e demais conceptos exisibles, tal e como se fixa no artigo 160 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 78 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

A Guarda, 7 de marzo de 2008.—O Alcalde, José Manuel Domínguez Freitas. **2008002758**

A N U N C I O

O Pleno do Concello da Guarda, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de Febreiro de 2008, aprobou inicialmente a modificación das Ordenanza reguladora dos prezos públicos a esixir pola prestación de servizos de ensinanza no Conservatorio Municipal.

O que de conformidade co disposto normativamente, expónse ao público por prazo de 30 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que os interesados poidan presenta-las reclamacións que estimen pertinentes.

A Guarda, a 29 de febreiro de 2008.—O Alcalde, José Manuel Domínguez Freitas. **2008002697**

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 25 de Xaneiro do ano 2008, acordou aprobar a actualización dos prezos a esixir pola prestación de servizos na piscina municipal, condicionada á aprobación da prórroga do contrato de concesión de dito servizo. Unha vez acordada a prórroga en data 28 de Febreiro de 2008, en sesión extraordinaria celebrada polo Pleno deste Concello, de conformidade co disposto normativamente, expónse ao público por prazo de 30 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que os interesados poidan presenta-las reclamacións que estimen pertinentes.

A Guarda, a 29 de Febreiro de 2008.—O Alcalde, José Manuel Domínguez Freitas. **2008002698**